

NOVAS DE ENSINO



Do 06 ao 11 de outubro

2016

CSI-F
Estamos **X**ti



Orgulhoso
de
ser docente



NOVAS DE ENSINO

Do 06 ao 11 de outubro de 2016



ÍNDICE:

1. PRAZAS DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS DE VARIAS ESPECIALIDADES

2. SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DA MODALIDADE D, DAS AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN NO SUG

3. PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS (PERÍODO EXTRAORDINARIO) DOS SOLICITANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DAS PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CRDS DA CORUÑA E OURENSE

4. LISTAXE PROVISIONAL DE CENTROS E PERSOAS COORDINADORAS E TITORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PRÁCTICUM DO MÁSTER

5. RECOLLIDA DAS PUBLICACIÓNS PRESENTADAS PARA O CONCURSO XERAL DE TRASLADOS

6. BOLSA DE TRABALLO

7. BOLSAS ESTUDANTES

8. BOLSAS AMANCIO ORTEGA

9. FORMACIÓN

NOVAS DE ENSINO

Do 06 ao 11 de outubro de 2016



1. PRAZAS DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS DE VARIAS ESPECIALIDADES



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia de Tecnoloxía, Economía, Administración de empresas, Informática, Equipos electrónicos, Operacións de produción agraria, Patronaxe e confección, Servizos de...

Xúntase o Anuncio do 27 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidades (590019) Tecnoloxía, (590061) Economía, (590101) Administración de Empresas e (590107) Informática e, no corpo de profesores técnicos de formación profesional, nas especialidades (591202) Equipos Electrónicos, (591216) Operacións de Produción Agraria, (591217) Patronaxe e Confección, (591226) Servizos de Restauración e (591227) Sistemas e Aplicación Informáticas.

O prazo para presentar a instancia de solicitude, así como a documentación xustificativa dos requisitos mínimos exixidos e dos méritos alegados para a súa baremación, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

[Para máis información perme aquí:](#)

2. SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DA MODALIDADE D, DAS AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN NO SUG



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas da modalidade D, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación no SUG, nos organismos de investigación de Galicia e entidades do Sistema galego de I+D+i para 2016

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO

Do 06 ao 11 de outubro de 2016



3. PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS (PERÍODO EXTRAORDINARIO) DOS SOLICITANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DAS PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CRDS DA CORUÑA E OURENSE

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Listaxes coas puntuacións provisionais (período extraordinario) dos solicitantes admitidos e excluídos das prazas de residencia nos CRDs da Coruña e Ourense para cursar estudos postobrigatorios non universitarios no curso académico 2016/2017

Resolución do 7 de outubro de 2016 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se publican as listaxes coas puntuacións provisionais das persoas admitidas, indicando a puntuación desagregada (rendemento académico e criterios socioeconómicos) e a puntuación total por orde descendente, e a relación provisional de persoas excluídas, indicando a causa de exclusión, correspondentes ao período extraordinario, de acordo co previsto no artigo 32 da Orde do 25 de maio de 2016 pola que se convocan prazas de residencia en período extraordinario nos Centros Residenciais Docentes da Coruña, Ourense e Vigo para o curso 2016/2017 (DOG 108, do 8 de xuño de 2016).

Prazo para presentar reclamación: 2 días hábiles (10 e 11 de outubro de 2016), que deberán dirixirse ao respectivo Centro Residencial Docente.

[Para máis información preme aquí:](#)

4. LISTAXE PROVISIONAL DE CENTROS E PERSOAS COORDINADORAS E TITORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PRÁCTICUM DO MÁSTER

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Listaxe provisional de centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao Máster en profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensinanzas de Idiomas, para o curso 2016/2017

[Para máis información preme aquí:](#)

5. RECOLLIDA DAS PUBLICACIÓNS PRESENTADAS PARA O CONCURSO XERAL DE TRASLADOS



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Recollida das publicacións presentadas para o concurso xeral de traslados do ano 2016

As publicacións presentadas para a súa baremación no Concurso xeral de traslados poderán ser recollidas desde o día 10 ata o 21 de outubro en horario de 9,00 a 14,00 nos locais da Inspección educativa no enderezo seguinte: San Lázaro, 107 (Rúa da Besada) - 15703 Santiago de Compostela.

A documentación pode ser recollida polos interesados ou por unha persoa autorizada.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO

Do 06 ao 11 de outubro de 2016



6. BOLSA DE TRABALLO



BOLSA DE TRABALLO CASTELA E LEÓN

Especialidad/es convocada/s:

Corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

Fagot, historia da música, viola de gamba e guitarra

Data límite: 17-10-2016

[Para máis información preme aquí:](#)

7. BOLSAS ESTUDANTES



Becas de la Casa de Velázquez en 2017

Periodo de inscrición:

Del 26/9/2016 al 31/10/2016

La Casa de Velázquez propone ayudas específicas (becas) a estudiantes para el año 2017. Dichas becas están destinadas a jóvenes artistas y jóvenes investigadores, de cualquier nacionalidad.

Ayudas específicas para artistas: destinadas a estudiantes, jóvenes artistas matriculados en un establecimiento de enseñanza superior, cursando obligatoriamente una enseñanza artística, para el curso 2016-2017.

Ayudas específicas para científicos: destinadas a estudiantes, investigadores doctorandos cuyos trabajos requieran una estancia en la Península Ibérica.

[Para máis información Preme aquí:](#)

8. BOLSAS AMANCIO ORTEGA



BECAS PARA ESTUDAR BACHARELATO EN CANADÁ OU EE.UU.

A Fundación Amancio Ortega convoca 80 bolsas dirixidas a estudantes de centros de Galicia para estudar Primeiro de Bacharelato en Canadá e Estados Unidos.

Os alumnos seleccionados convivirán cunha familia de acollida e cursarán Grao 11 (nivel equivalente a 1º de Bacharelato). A bolsa cobre o 100% do custo do curso escolar en Canadá ou Estados Unidos: viaxe, taxa de escolarización, convalidación de estudos, aloxamento e manutención nunha familia de acollida, seguro médico e de accidentes, e o apoio continuado durante os dez meses de estancia.

NOVAS DE ENSINO

Do 06 ao 11 de outubro de 2016



Requisitos:

- Estudar actualmente 4º de ESO nun centro educativo en España e ter pasaporte español.
- Ter unha nota media igual ou superior a 7 puntos, e unha nota de inglés igual ou superior a 8 en 3º de ESO
- Non estudar un ano académico no estranxeiro con anterioridade (1º, 2º ou 3º de ESO)
- Enviar en prazo o formulario en liña con toda a documentación requirida

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata as 13:00 do 15 de novembro de 2016.

[Para máis información preme aquí:](#)

9. FORMACIÓN

**CURSOS
HOMOLOGADOS
UNIVERSIDAD**

CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓN

CURSOS HOMOLOGADOS UNIVERSIDADE

CS-F ofrécete unha nova oferta en cursos homologados on-line, dirixidos a opositores, funcionarios e interinos docentes, cos que podes completar a túa formación docente.

Cursos HOMOLOGADOS cunha duración de 101 horas e de 31 horas.

Cursos dirixidos a todos os niveis educativos.

Completamente on-line. 24 horas, 7 días á semana.

Materiais actualizados.

Avaliación aplicada á práctica docente.

Relación directa cos titores.

Duración dos cursos adaptada á normativa das distintas Comunidades Autónomas.


Certificación en 30 días.

VÁLIDOS E PUNTUABLES como mérito en listas de interinos, bolsas de traballo e oposicións das distintas Comunidades Autónomas (segundo convocatoria de cada CC.AA., baseado en apartado III Outros Méritos do Anexo I do R.D. 276/2007).

INICIO DOS CURSOS: 1 de setembro de 2016 (CONVOCATORIAS MENSUAIS).

Accede a toda a [INFORMACIÓN](#) sobre as convocatorias

DEFENDENDO O PÚBLICO



NOVAS DE ENSINO

ENLACES DE INTERESE:

- [CSIF Nacional Enseñanza](#)
- [CSIF Galicia Ensino](#)
- [Blog Ensino Pontevedra](#)
- [Herald Toupeiras](#)

